

A Xunta de Galicia ven de aprobar o Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGSI) 2007-2010, coa misión de contribuír activamente ao desenvolvemento sustentable de Galicia, de xeito que se garanta de forma real a compatibilidade entre o crecemento económico, e a creación de emprego de calidade, os maiores niveis de progreso e cohesión social no conxunto da cidadanía galega, e a preservación do medio ambiental, cultural e lingüístico propio.

O PEGSI 2007-2010 estrutúrase nun conxunto de estratexias operativas, entre as que se atopan, dúas estratexias de fondo contido empresarial. En primeiro lugar a estratexia destinada á “Aplicación das Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (TIC) polo Tecido Empresarial”, co obxecto de que as Pemes, entre as que se atopan os traballadores por conta propia, adecúen o seu xeito de facer negocio aos novos usos que determina a Sociedade da Información, non só incorporando tecnoloxía, senón en moitos casos reformulando os modelos e procesos de negocio. En segundo lugar a estratexia “Interoperabilidade, seguridade e coñecemento aberto” que promove o uso dos estándares abertos para garantir a autonomía tecnolóxica do tecido empresarial galego e fomentar a súa capacidade de innovación.

AVA SOLUCIONES TECNOLÓGICAS, S.L con C.I.F.: B15845480 e domicilio no Pol. Ind. Do Tambre – MERCAGALICIA – UNINOVA – 15890 Santiago de Compostela (A Coruña), firmou o convenio de colaboración ca Consellería de Innovación e Industria para a promoción do acceso empresarial á sociedade da información en Galicia entre os traballadores por conta propia dados de alta no réxime especial de traballadores autónomos, con suxeición ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Investimentos subvencionables e contía das axudas

Contémpanse como investimentos subvencionables a adquisición de ordenadores persoais que dispoñan das adecuadas ferramentas de software libre no referente ás aplicacións ofimáticas e de acceso a internet.

O investimento deberá contemplar como mínimo os seguintes elementos:

- Adquisición dun ordenador persoal portátil ou de sobremesa, con procesador con arquitectura semellante a x86 de 32 bits, ou superior. O ordenador deberá incluír sistema operativo Linux
- O ordenador deberá dispor de navegador de internet en Software Libre tipo Mozilla Firefox versión 2.0 ou superior.
- O ordenador deberá dispor de paquete ofimático en Software Libre tipo OpenOffice versión 2.0 ou superior.

- No caso de ordenadores de sobremesa poderán estar incluídos os periféricos de usuario necesarios (pantalla, teclado e rato).

Non se considera subvencionable a adquisición de licenzas de software adicionais á subministración básica do ordenador persoal, outros periféricos (por exemplo: impresoras, discos externos, etc), ou outro tipo de terminais (axendas electrónicas, tablet PC, teléfonos móbiles, etc).

Entenderase como investimento subvencionable os custos nos que incorra cada beneficiario como consecuencia da subministración por parte dalgunha das entidades colaboradoras, sempre que a adquisición e posterior mantemento da propiedade se realice cumprindo todos os requisitos e trámites aquí establecidos.

Cada solicitante só poderá ser beneficiario dunha axuda ao abeiro do réxime de axudas recollido na Orde do 26 de xuño de 2008.

A axuda acadará o 45 % do investimento subvencionable, cun límite máximo de 350 € para cada solicitante. O investimento subvencionable determínase aplicando a porcentaxe de axuda sobre a base imponible, excluindo o IVE correspondente, que deberá ser aboado na súa totalidade polo beneficiario.

Estas axudas xestionadas por AVA Soluciones Tecnológicas, S.L. serán incompatibles con calquera outro tipo de axuda pública ou privada que poida recibir o beneficiario para a adquisición do mesmo investimento.

A porcentaxe de axuda do 45 %, aquí establecida, está determinada de acordo coas directrices sobre axudas de Estado de finalidade rexional para o período 2007-2013 (2006/C 54/08, DOUE 4.3.2006) en relación co mapa de axudas de finalidade rexional para o período 2007-2013 en España, aprobado pola Comisión Europea o 20.12.2006.

Solicitud de avaliación previa

AVA presentará para cada proxecto unha solicitude de avaliación previa ante a consellería. Necesariamente a execución do investimento subvencionable deberá realizarse unha vez obtida a correspondente aprobación previa, non aceptándose investimentos realizados con anterioridade.

O prazo de presentación de solicitudes de avaliación previa por parte das entidades colaboradoras ábrese no ano 2008 a partir do día seguinte da publicación no DOG da relación íntegra de entidades colaboradoras, tal como está recollido no artigo 6º das bases reguladoras da Orde do 26 de xuño de 2008. Segundo o devandito artigo, este prazo ábrese no ano 2009 a partir do día seguinte da publicación no DOG da nova relación de entidades colaboradoras.

AVA comprobará a idoneidade da documentación dos solicitantes para ser beneficiarios, para o que obterán do solicitante o seguinte:

- a) Copia do DNI ou NIE, en vigor, no que deberá constar o enderezo dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Copia de documento de pago mensual á Seguridade Social do mes anterior á solicitude, do Réxime Especial de Traballadores Autónomos.
- c) Identificación, por declaración do solicitante, do epígrafe do IAE, que non poderá atoparse entre as agrupacións e epígrafes que se exclúen nas bases reguladoras por pertencer á actividade de comercio retalista, e localidade da Comunidade Autónoma de Galicia na que se atopa dado e alta censual no IAE.
- d) Exclusivamente para o caso de que o DNI ou NIE non acredite o domicilio dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, deberá requirirse do solicitante a presentación de certificado expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria no que figure o domicilio fiscal do solicitante. A antigüidade máxima deste certificado será de 3 meses.

Unha vez obtida a documentación anterior, AVA solicitará a aprobación previa ante a consellería., unha vez obtido o documento de aceptación de condicións, asinarase o Anexo A por duplicado, un exemplar para o solicitante, e o outro exemplar será arquivado pola AVA.

As solicitudes de avaliación previa revisaranse en función do previsto nas bases reguladoras das subvencións e da adecuación ás condicións xerais do mercado dos investimentos solicitados. A Consellería aprobará, ou non, estas solicitudes previas de axuda en función da revisión efectuada, así como das disponibilidades orzamentarias. Atenderanse as solicitudes seguindo a orde de presentación ata esgotar o crédito dispoñible.

No momento en que a Consellería esgote a consignación orzamentaria establecida no artigo 4º das bases reguladoras da Orde do 26 de xuño de 2008, para cada anualidade, porao en coñecemento, non aprobando ningunha nova solicitude, sen menoscabo da tramitación ordinaria das aprobacións previas xa comunicadas.

Adicionalmente, no caso de esgotamento do crédito, a administración publicará no DOG a indicada circunstancia, o que levará consigo a non admisión das solicitudes posteriores ao esgotamento do crédito, sen prexuízo de que a administración poida optar por incrementar o crédito orzamentario nos seguintes supostos:

- a) unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.
- b) A existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

Desenvolvemento dos proxectos

Unha vez que un proxecto conte coa aprobación previa, AVA desenvolverá o proxecto conxuntamente co beneficiario e emitirase a preceptiva factura.

A contía da axuda aprobada será adiantada por AVA, no momento da emisión da factura ao beneficiario, como unha redución na cantidade a ingresar do importe total da factura. Esta redución calcularase aplicando a porcentaxe de axuda aprobada sobre o importe da base imponible do investimento, isto é excluindo o IVE, e esta contía restarase do importe total a ingresar da factura, polo que a axuda non supón ningunha minoración do IVE ou outros impostos que puidesen gravar o investimento. Achéganse varios exemplos de cálculo da contía de axuda no Anexo B

A aplicación desta porcentaxe de axuda estará en todo caso limitada pola contía máxima de 350,00€..

O beneficiario deberá realizar o pagamento íntegro da factura, descontando a contía da subvención aprobada, mediante pago con tarxeta bancaria (de débito ou crédito), transferencia, ingreso bancario ou pago en efectivo. Non se considerarán válidas para os efectos de xustificación outras formas de pago como pagarés ou talóns, ni os pagos mediante arrendamento financeiro (renting, leasing, etc).

Conforme ás actividades de sensibilización e divulgación, **AVA implantará as ferramentas de Software Libre nos equipos adquiridos, contando como mínimo co navegador de internet (Mozilla Firefox) e aplicativos de proceso de texto e folla de cálculo (OpenOffice).**

ANEXO A

ACEPTACION DE CONDICIONS POLO BENEFICIARIO

Nº de expediente:

Contía da axuda:

Entidade colaboradora:

Data da autorización previa:

D/Dna. con NIF

DECLARA

1) Que desexa acollerse ás subvencións DESTINADAS A QUE OS TRABALLADORES AUTONOMOS ACCEDAN Á SOCIEDADE DA INFORMACION tal como se recolle nas bases reguladoras aprobadas pola Orde do 26 de xuño do 2008 (DOG nº 129, do 4 de xullo do 2008), sendo informada pola entidade colaboradora das condicións vencelladas a ditas axudas.

2) Que realiza actividade económica como traballador por conta propia, estando dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos da Seguridade Social, estando ao corrente dos pagos, e aportando á entidade colaboradora copia do último pago mensual efectuado.

3) Que realiza a súa actividade económica mantendo domicilio fiscal no concello de, e estando dado de alta censal con dito domicilio ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria no epígrafe do Imposto de Actividades Económicas seguinte: -

4) Que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5) Que coñece a obriga de manter na súa propiedade os produtos adquiridos e os servizos desenvolvidos obxecto da axuda, xunto coa documentación xerada, por un prazo de 3 anos desde o investimento.

6) Que se compromete á devolución da subvención adiantada pola entidade colaboradora mediante desconto en factura, se unha vez revisado o expediente se constatase a non procedencia da súa concesión.

7) Que coñece as causas de reintegro de axudas públicas nos supostos establecidas no artigo 33º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e especialmente a obtención da subvención falseando as condicións requiridas, así como a resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación sobre o investimento subvencionado que sexan requiridas pola consellería ou calquera órgano de control que fiscalice os devanditos investimentos.

8) Que non ten solicitado nin recibido ningunha axuda de ningún organismo público ou privado para o presente proxecto, e que ten a obriga de comunicar á Consellería a concesión de calquera axuda para o mesmo investimento. E que coñece que esta axuda non é compatible con outras, para o mesmo investimento.

9) Que autoriza a consellería para obter de oficio os certificados acreditativos da súa situación censal no IAE, así como de estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

10) Que consinte expresamente na utilización de medios telemáticos nas relacións que para a xestión desta axuda entre a Entidade Colaboradora coa Consellería de Innovación e Industria.

Lugar e data:

Sinatura:

ANEXO B

EXEMPLOS E INFORMACION PARA A CONTABILIDADE

- EXEMPLOS DE CALCULO DA SUBVENCION**

Amósanse distintos exemplos de cálculo da axuda, segundo a contía do investimento subvencionable.

	Investimento menor 777,78 €	Investimento igual a 777,78 €	Investimento maior 777,78 €
Investimento subvencionable (base imponible)	600 €	777,78 €	1.000 €
Subvención (45% - ata 350 €)	-270 €	-350 €	-350 €
IVE 16% sobre a base imponible	96 €	124,44 €	160 €
Total a pagar polo beneficiario	426 €	552,22 €	810 €

Os elementos non subvencionables (licenzas de software, outros periféricos, etc) non se incluírán na base imponible sobre a que se calcula a subvención.

- INFORMACIÓN PARA A CONTABILIDADE POLOS BENEFICIARIOS**

O pago que o beneficiario fai á entidade colaboradora é o resultado final de dúas operacións distintas:

- por unha banda, o pago íntegro da factura (Base imponible + IVE)
- por outra banda, o ingreso dunha subvención que concede a Xunta de Galicia, pero que anticipa a Entidade Colaboradora.

A subvención ten o carácter de ingreso que fai a Xunta de Galicia (con CIF S1511001H) ao beneficiario final. A subvención faise sobre a base imponible e non afecta ao IVE da factura.

O beneficiario final terá que considerar na súa contabilidade tanto o pago íntegro da factura (Base imponible + IVE) á empresa colaboradora, como o ingreso que lle fai a Xunta de Galicia.